

Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROSAL, O

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO
SOBRE BENS INMOBLES (IBI)*

EXPEDIENTE: 1677/2023

*ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS
INMOBLES (IBI)*

ANUNCIO

*Aprobación definitiva da modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE
BENS INMOBLES (IBI)*

Por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello tomado en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 25/10/2023, sobre a modificación de ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI), cuxo texto consolidado se fai público como Anexo I en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No Rosal,

A ALCALDESA, Asdo.: Ánxela Fernández Callís.



Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

*ANEXO I.— ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO
CONCELLO DO ROSAL*

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.

1.— Constitúe o feito impoñible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos, e sobre os inmobles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servicios públicos ós que estean afectados.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufruto.
- Do dereito de propiedade.

2.— A realización de feito impoñible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3.— Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

4.— No caso de que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

ARTIGO 2. NON SUXEIÇÃO.

Non están suxeitos a este imposto:

- As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.

Os seguintes bens inmobles propiedade do Concello do Rosal, enclavados dentro do termo municipal:

- Os bens inmobles de dominio público afectos a uso público.
- Os bens inmobles de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.
- Os bens inmobles patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.



Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

ARTIGO 3. EXENCIONS.

Ademais dos bens inmobles do artigo 62.1 e 2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estarán exentos da cota do IBI os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros, e en concreto, o Centro de saúde do Rosal e a súa parcela con referencia catastral 3727301NG1432N0001KO, a nome do Servizo Galego de Saúde, sendo o uso do local principal Sanidade e Beneficencia, en base ao establecido no artigo 62.3 do RDL antes meritado.

ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO.

1.— Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituto do contribuínte quen deba satisfacer o maior canon.

2.— O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello do Rosal repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do mesmo, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

Así mesmo o substituto do contribuínte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

3.— Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ó pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria. A este efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ó inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obriga subsista por non aportarse a referencia catastral do inmovible, conforme ó apartado 2 do artigo 43 do Texto Refundido da Lei do Catastro e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ó pago da cota tributaria e, asimismo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectúalas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme ó previsto no artigo 70 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

4.— Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da



Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 5. EXENCIONES.

1.— Estarán exentos os seguintes inmobles:

- Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá, e ós servicios educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectados á defensa nacional.
- Os bens comunais e os montes veciñais en man común.
- Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.
- Os da Cruz Vermella Española.
- Os inmobles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados a súa representación diplomática, consular ou ós seus organismos oficiais.
- Asuperficies dos montes poboados con especies de crecemento lento, regulamentariamente determinadas, no que o principal aproveitamento sexa madeira ou cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
- Os terreos ocupados por liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns, ou calquera outro servicio indispensable para a explotación de ditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos, as casas destinadas a vivendas do empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

2.— Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos:

- Os bens inmobles quen se destinen o ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ó ensino concertado.
- Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, e inscritos no Rexistro Xeral ó que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta de dita Lei. Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, ós que reúnan as seguintes condicións:



Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

- En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español.
- En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos, e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.
- A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración Forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS.

6.A.— *Aplicaranse as seguintes bonificacións de carácter obrigatorio:*

1.— Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constituían o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación, equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2.— Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte aquel en que se solicite.

3.— Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

6.B.— *Establécense as seguintes bonificacións potestativas:*

1.— Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os bens inmobles de carácter residencial unifamiliar destinados ao uso de vivenda que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.

Será necesario, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² de superficie



Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5 Kw por cada 100 m² de superficie construída. Estes requisitos non serán exixibles cando a superficie construída sexa inferior a 100 m².

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

Así mesmo, para a aplicación da mesma, será requisito imprescindible posuír o título xurídico habilitante de natureza urbanística que sexa exixible consonte a normativa que resulte de aplicación.

Non se outorgará esta bonificación cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria ao teor da normativa que resulte de aplicación.

O importe da bonificación total acumulada durante todo o período bonificado non poderá exceder do 20% do custo final (IVE incluído) da instalación.

Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

Para beneficiarse da dita bonificación, o suxeito pasivo deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de bonificación identificando o ben inmovible coa súa correspondente referencia catastral.
- b) Copia do título xurídico habilitante de natureza urbanística da obra e instalación dos sistemas para o aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.
- c) Certificado final de obra suscrito polo director de obra e director de execución da obra, no caso de que sexa preceptivo.
- d) Certificado, firmado por técnico competente, onde se reflicta que a instalación dos sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol non é obrigatoria ao teor da normativa que resulte de aplicación.
- e) Autorización de explotación ou acta de posta en servizo, cando sexa preceptiva, e Certificado de Instalación Eléctrica (CIE) de acordo co Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrónico de baixa tensión, emitido pola empresa instaladora e dilixenciado polo órgano competente da comunidade autónoma.
- f) Xustificación do pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A bonificación aplicarase durante os cinco períodos impositivos a contar desde o seguinte á finalización das obras e instalacións precisas para a posta en funcionamento dos mencionados sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol.

O disfrute desta bonificación será incompatible co dereito a disfrutar doutras bonificacións establecidas na presente ordenanza no mesmo inmovible.



Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

ARTIGO 7. BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

1.— A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmoables, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

2.— A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución que legalmente se establece nos artigos 67 a 70 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

ARTIGO 8. COTA TRIBUTARIA.

1.— A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2.— O tipo de gravame para os bens inmoables urbanos será do 0,58%.

3.— O tipo de gravame para os bens inmoables rústicos será do 0,30%.

4.— O tipo de gravame para os bens inmoables de características especiais será do 0,6%.

5.— A cota líquida obtérase minorando da cota íntegra o importe das bonificacións previstas no artigo 5 desta Ordenanza.

ARTIGO 9. DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.

1.— O imposto devindicarase o primeiro día do período impositivo.

2.— O período impositivo coincide co ano natural.

3.— Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade na devindicación deste imposto inmediatamente posterior ó momento no que se produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmoables de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro inmobiliario.

ARTIGO 10. XESTIÓN.

1.— A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva do Concello do Rosal, e comprenderán as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, a realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.



Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

2.— O imposto xestiónase a partir da información contida no Padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados ó efecto pola Dirección Xeral do Catastro. Dito padrón conterá a información relativa ós bens inmoables, separadamente para cada clase e será remitido ó Concello antes do 1 de marzo de cada ano.

3.— Os datos contidos no Padrón catastral e nos demais documentos citados no apartado anterior deberán figurar nas listas cobratorias, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento do imposto sobre Bens Inmoables.

4.— Nos supostos nos que resulte acreditada, con posterioridade á emisión dos documentos á que se refire o apartado anterior, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, as rectificacións que respecto a aquel poida acordar o Concello do Rosal a efectos da liquidación do imposto devindicado polo correspondente exercicio, serán comunicadas á Dirección Xeral do Catastro no forma en que por esta se determine.

5.— As alteracións relativas ós bens inmoables susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia a efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizalas declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme o establecido nas súas normas reguladoras.

ARTIGO 11. XESTIÓN POR DELEGACIÓN.

1. Se a xestión, a inspección e a recadación do tributo foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Pontevedra, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que ten que realizar a Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na ordenanza fiscal xeral desta última, xa que nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia e economía, incluído o relativo a aportación de documentación polos interesados regulado no art. 28 da Lei 39/2015, prevalecería o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.

2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuítos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos municipios da provincia de Pontevedra que delegaron as súas facultades na Deputación.

ARTIGO 12. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.



Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

No non previsto nesta ordenanza, rexerase polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

